

Los tres secretos del samurai. Blanca Álvarez.

Ambientada en el Japón del siglo XVIII, Los tres secretos del samurai cuenta la historia de Tomiko, quien, siendo apenas una adolescente, marcha de su casa con el propósito de librar a su hermana pequeña de un matrimonio de conveniencia con un hombre aborrecible.



En su camino, la muchacha encuentra a seres mágicos que se ofrecen a ayudarla, aunque a cambio de un alto precio. Para salvar a su hermana, la joven decide ponerse a su merced, renunciar a su identidad y convertirse en Susanô, el samurai del dragón.

Como guerrero, Tomiko vivirá innumerables aventuras y conocerá a dos hombres que marcarán su destino: el valiente Shuzai y Hanzaburo, el hijo del zorro.

Flor de area. Manuel Lourenzo González.

«Son Amrah ben Dimas Ber Suhila al Targ, koblai por parte de nai, da tribu de Mastuq, e siria de Halab por parte de...»

Flor de area é a historia dunha moza iraquí que, destinada a ser a doce esposa dun persoeiro principal, se atreve a rachar coa inercia para exercer de muller, de nai, de traballadora, de amante, de patriota, na cerna dunha sociedade conservadora e baixo a opresión da dominación estranxeira.



Obra que continúa o relato comezado en Irmán do vento (Xerais, Premio Merlín 2003), Flor de area é tamén a crónica dunha vivencia da guerra desde o lado dos outros.

El héroe perdido. Rick Riordan.

Tres semidioses. Una profecía. Y sólo cuatro días para lograr lo imposible.

Cuando Jason despierta sabe que algo va muy mal. Está en un autobús camino de un campamento para chicos problemáticos.



Y le acompañan Piper, una muchacha (bastante guapa, por cierto) que dice que es su novia y el que parece ser su mejor amigo, Leo...pero él no recuerda nada: ni quién es ni cómo ha llegado allí.

Pocas horas después, los tres descubrirán no solo que son hijos de dioses del Olimpo sino que su destino es cumplir una profecía de locos: liberar a Hera, diosa de la furia, de las garras de un enemigo que lleva mucho tiempo planeando

As crónicas de Landereina. Bágoas de lúa. Sabela González.

Primeiro libro da triloxía fantástica "AS CRÓNICAS DE LANDEREINA"


Durante corenta anos, Landereina sufriu baixo o poder do malvado Wiasmau.

O reino xa está recuperado, pero a historia está a piques de se repetir, a menos que alguén consiga destruír a poderosa Pedra de Lúa.

Nunha pequena cabana, nunha praia esquecida do mundo, Berenguela descubrirá que o seu destino é moi distinto ao que sempre pensara.

Descubrirá que salvar o reino pode estar nas súas mans.

Ao sur das grandes montañas Kaii e da cadea Sophesiw esténdese o reino de Landereia, unha terra na que conviven amazonas, druídas, ananos e bandidos, surcada polo escuro bosque de Etluar, fogar de centauros e elfos.




Landereina vive en paz grazas ao goberno da dinastía dos Gheiroez. O rei Bogardo segue a esforzarse en reconstruír o reino, igual que o fixeron os seus antepasados dende que Argun II lograra derrotar o malvado Wiasmau, quen durante décadas tiranizara as súas terras grazas ao poder da Pedra de Lúa. Pero a felicidade en Landereina está en perigo de novo: o exército escuro dos kaihunn avanza polas vilas baixo as ordes dun novo e descoñecido tirano que busca destronar os Gheiroez e facerse coa Pedra de Lúa e, con ela, co poder sobre Landereina.

Ámote Leo A. Destino Xalundes. Rosa Aneiros.

Catro amigos e unha gran viaxe. Este era o plan de Leo ao rematar os estudos universitarios. En cambio, todo se esborralla uns meses antes de partir, cando os seus colegas se botan atrás e Leo debe afrontar unha decisión transcendental: desistir ela tamén ou marchar soa.

A encrucillada é difícil e as dúbidas afógana, pero a ansia por coñecer mundo pode máis que todos os medos. Por fin, unha mañá de xaneiro fai oídos xordos ás advertencias familiares e toma un avión con destino ao sur. Estará fóra exactamente seis meses, nin día máis nin día menos.

Aquí comeza un periplo cheo de aventuras e de personaxes fascinantes no que os seus pés a levarán moito máis lonxe do que nunca imaxinara. Lisboa, Barcelona, Granada, Marrakech, O Cairo e Istanbul serán as primeiras escalas desta apaixonante viaxe perseguida por unha enigmática pintada que aparece nos lugares máis insospeitados: Ámote Leo A. Quen estará detrás da misteriosa mensaxe? Será algún dos membros da extravagante tropa de Ruth á que se arrima en Barcelona? Inicia así unha engaiolante triloxía na que Leo deberá resolver estas e outras incógnitas que lle deparará o camiño, para descubrir que as cousas non sempre son como ás soñamos. Ás veces resultan moito mellores.



Biblioteca do CPI de Xanceda



Porque nos libros atopamos todos os mundos posibles: os reais e os imaxinarios e porque o libro está feito para acompañarnos durante toda a vida e pode lerse mil e unha veces.

Un libro é un regalo para toda a vida.

“Regala un libro e recibirás un bico”

Bo Nadal !



PROPOSTAS PARA IDADES DE 12 A 14 ANOS. DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA.

O caso máis estraño do detective Marschen.

Xavier Frías Conde.

Este libro non conta unha historia, senón moitas historias.

Hai historias fantásticas e outras non tanto, poderedes atopar historias de pantasmas, de homes que se converten en bólas, de androides....



Xoeliki: As aventuras dun ciberpirata.

O grande apagamento.

Abraham Barreiro e Maties Segura.




Xoeliki é un neno de once anos introvertido e tímido. Xoga aos videoxogos on-line e bota horas chateando na Internet.

Pasa moito tempo só porque a nai traballa todo o día e o pai morreu hais uns anos.

A vida de Xoeliki é moi rutineira, xira arredor da casa e do colexio, ata que un día ocorre un feito misterioso que lle cambiará por completo: recibe un paquete sorpresa. Isto levarao a vivir novas aventuras, coñecer amigas e amigos como Ari,

o sabio Barbabranca, o enigmático Maverick, Centulo profesor de Programación e Desenvolvemento e algún inimigo como Mr. Virus. Descubrirá cousas inimaxinables para el.

A evolución de Calpurnia Tate. Jacqueline Nelly.




Observar o mundo con curiosidade non era o que se agardaba dunha señorita de boas maneiras. Mais a Calpurnia interésanlle as teorías científicas de Darwin máis que conformarse coas limitacións dun destino predeterminado. No verán de 1899, a protagonista desta historia aprenderá a ser naturalista.

Violeta tamurana. Andrea Maceiras.

Novela gañadora do IV Premio Meiga Moira de literatura infantil e xuvenil (2010).

As fermosas tamuras, capaces de provocar bágoas coa súa beleza, son unhas flores únicas que só medran no corazón volcánico da illa de Tamurana, a máis especial das que forman o Arquipélago Perdido.

A pesar da vida harmoniosa que durante séculos levaron os habitantes do Arquipélago, unha maldición pesa sobre as súas vidas e tamén, sobre a das illas: a súa cor violeta.



La isla de Bowen. César Mallorquí.


1920. Todo comenzó con el asesinato del marinero inglés Jeremiah Perkins en Havøysund, un pequeño puerto noruego situado en el Ártico, y con el misterioso paquete que, antes de morir, Perkins envió a Lady Elisabeth Faraday.

O quizá la historia empezara antes, cuando se descubrieron unas extrañas reliquias en el interior de una viejísima cripta medieval, pues fue precisamente una de esas reliquias imposibles la causa de que el malhumorado profesor Ulises Zarco, director de la sociedad geográfica SIGMA, se embarcara en una aventura inimaginable a bordo del Saint Michel. Tanto Zarco como su ayudante, Adrián Cairo, han recorrido el mundo enfrentándose a toda clase de peligros, igual que el capitán Verne y su tripulación, o el joven fotógrafo Samuel Durango, e incluso las dos damas inglesas que

les han solicitado ayuda; pero ninguno de ellos estaba preparado para afrontar el temible misterio que envuelve a la isla de Bowen, más allá del Círculo Polar Ártico.

Porque, como decía Sherlock Holmes: «Cuando se ha eliminado lo imposible, lo que queda, por improbable que parezca, debe ser la verdad».

Astérix e os Pictos. Ferri e Conrad.



Coa autorización de Goscinny e os herdeiros de Uderzo, os galos irreductibles viaxan de novo, esta vez a Escocia, o país dos Pictos, da man de novos autores.